

Prego de cláusulas administrativas e técnicas para a adxudicación mediante procedemento aberto da xestión do servizo de bar e atención instalacións da piscina municipal, temporada 2018

I Condicións Xerais

1.- Obxecto e descrición do contrato.

O obxecto do contrato é a xestión do servizo público do bar e a atención das instalacións da Piscina Municipal de Moeche na temporada de verán de 2018, de conformidade coas especificacións que se establecen neste prego.

Necesidades a satisfacer: ofrecerlles ás persoas usuarias da piscina municipal e da área recreativa Souto Grande un servizo de bar coas características recollidas neste prego.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de concesión de servizos, de acordo co artigo 15 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se trasladan ao ordenamento xurídico as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE i 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Características físicas da edificación en que se prestará o servizo.

- Edificación de 10,04 metros de lonxitude , 2,52 m de ancho, cunha superficie total de **25.03 metros cadrados**, con dúas divisións nos laterais,
- Dotada de **13 enchufes eléctricos, 3 tomas de auga**, fregadoiro de inox, barra mostrador de madeira e persiana de seguridade
- Terraza adxacente exterior de **24 m²**

Xunto co uso desta edificación, o **adxudicatario poderá dispoñer dunha parte do espacio cuberto situado fronte á edificación, previo acordo co Concello de Moeche** respecto do espazo a ocupar durante o período do contrato.

2.- Prazo do contrato

O prazo do contrato será de 3 meses, en concreto a temporada de apertura de piscina do 2018, do **16/06/2018 ao 16/09/2018**.

3.- Obrigas básicas do adxudicatario/a.-

O/a adxudicatario/a terá as seguintes obrigas básicas:

1. Abrir ao público e manter abertas as instalacións da piscina na temporada de verán de 2018, nas datas e co horario determinado polo concello.
2. A xestión do bar. O/a adxudicatario/a encargarse da compra do material que estime oportuno para a súa venda, a recadación por este concepto será integramente para o/a adxudicatario/a.
3. A limpeza diaria e mantemento da totalidade das instalacións da piscina municipal incluídos vestiarios e aseos.
4. A limpeza e recollida do lixo da area recreativa e o depósito deste nos colectores situados non exterior da piscina, cunha frecuencia de, polo menos , catro veces a semana. En caso de detectar o Concello déficit na limpeza e mantemento do Area recreativa e da Piscina Municipal, este resérvase a potestade de contratar unha empresa especializada nos servizos sendo os gastos derivados dos mesmos imputables ao adxudicatario/a, sen prexuízo da posibilidade de rescindir o contrato de maneira unilateral por parte do Concello.
5. A empresa respectará como horario de apertura e peche da instalación deportiva, o establecido polo Concello calquera modificación non horario de apertura e peche requirirá a previa autorización do concello.
6. O/a adxudicatario/a será o responsábel da venda das entradas de uso puntual para acceso á piscina, ingresando, na conta que se indique polo Concello, cada luns, a recadación obtida durante a semana anterior por ese concepto. Unha vez finalizada a temporada devolveralle o concello os talonarios de entradas non utilizados, e procederase a

efectuar o reconto das entradas vendidas e as non utilizadas e a correspondencia coas cantidades ingresadas por este concepto, en caso de que os ingresos efectuados fosen menores dos que correspondan deberá ingresar a diferenza na conta indicada polo Concello

7. Velar pola perfecta conservación das instalacións.

8. O/a adxudicatario/a estará obrigado a prestar ou servizo de conformidade coas regulamentacións hixiénico – sanitarias, de saúde e seguridade laboral, lexislación laboral en xeral e lexislación xeral de consumo, facenda, entre outros, de cuxo cumprimento será responsable conforme determina a lexislación vixente, debéndoo acreditar previamente ante o Concello

9. O/a adxudicatario/a está obrigado a dispoñer de follas de reclamacións previamente dilixenciadas pola autoridade ou organismo competente, de modo que vos usuarios/as do servizo poidan facer constar as deficiencias observadas na prestación do mesmo, cos prezos aplicados ou con calquera outra anomalía

10. A conservación, mantemento, substitución e reparación, no seu caso, das instalacións do bar.

11. Asumir os gastos de persoal necesario para a prestación do servizo de bar e funcionamento xeral das instalacións con inclusión dos gastos de seguridade social.

12. Deixar libres e a disposición do Concello, nas mesmas condicións en que lles foron entregadas ao adxudicatario/a, as instalacións, equipos e melloras realizadas ao finalizar o contrato.

13. Admitir ao goce do servizo a toda persoa que cumpra os requirimentos dispostos .

14. Indemnizar a terceiros dos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo de bar. Para os efectos de cubrir responsabilidades que puidesen derivarse de accidentes ou outros eventos acaecidos con ocasión da prestación do servizo, o/a adxudicatario/a deberá subscribir unha póliza de Seguros nas condicións que se estimen convenientes.

15. O/a adxudicatario/a, en caso de enfermidade, deberá prover pola súa conta e ao seu cargo o cumprimento das obrigas que establece o presente prego.

16. O/a adxudicatario/a deberá ceder o uso da piscina ás actividades que se organicen desde desde o Concello de forma gratuíta.

17 Ademais da obrigas xerais establecidas no artigo 288 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se trasladan ao ordenamento xurídico as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE i 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

4.- Material

O Concello de Moeche entregará as instalacións do bar sendo de conta do adxudicatario/a a instalación da maquinaria e mobiliario necesarios para o seu funcionamento, os utensilios menores e louza, así como mantemento e conservación ordinaria dos mesmos. Unha vez comprobado o correcto funcionamento do material, confeccionarase o correspondente Inventario que asinarán ambas partes, estando obrigado o/a adxudicatario/a a entregar en perfecto estado de conservación e uso, o inmobile e o Concello a devolverlle os efectos consignados no Inventario que sexan do adxudicatario/a, no momento da extinción do contrato.

5. Obrigas do concello

1. Facilitarlle a empresa un xogo de chaves para ou desenvolvemento das súas funcións.
2. Facilitarlle a empresa a provisión de enerxía eléctrica e auga potábel, mediante a acometidas da instalación.
3. Facilitar follas de rexistro de control de limpeza de vestiarios e aseos.
4. Facilitar os talonarios de entradas para a súa venda ao público.
5. Proporcionar material de limpeza para limpeza dous vestiarios e aseos, a comunicación de necesidade de material realizarase polo menos cunha antelación de 2 semanas.

6.- Reformas

O/a adxudicatario/a non poderá introducir reforma ningunha nin nos locais nin nas súas instalacións e servizos, sen autorización previa do Concello. As obras que realice e as instalacións e novos servizos que implante, sempre coa previa autorización, quedaran en beneficio do Concello ao termo da prestación do servizo, sen que o/a adxudicatario/a teña dereito a formular petición ningunha en concepto de indemnización ou por calquera título.

7.- Persoal

O persoal que pola súa conta achegue ou utilice o/a adxudicatario/a para o servizo, non adquirirá relación laboral ningunha co Concello, por se entender que o mesmo depende única e exclusivamente do adxudicatario/a, o cal terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de patrón respecto ao citado persoal, de acordo coa Lexislación Laboral, sen que o Concello, en ningún caso, resulte responsable das obrigas nadas entre o/a adxudicatario/a e os seus empregados/as, aínda que os despedimentos e medidas que adopte sexan como consecuencia directa ou indirecta do cumprimento, contravimento, rescisión ou interpretación do contrato. Como consecuencia da condición anterior, o/a adxudicatario/a obrigase a levar a cabo as contratacións que sexan precisas, utilizando algunha das fórmulas previstas na lexislación vixente, que permita a resolución automática daqueles contratos laborais ao extinguirse o contrato por calquera das causas previstas no prego de condicións. Ante suposto de contravimento da presente estipulación, ou subscripción de contratos indefinidos ou irresolubles á extinción do contrato de prestación do servizo, serán de conta do adxudicatario/a as indemnizacións e demais obrigas económicas resultantes da aplicación da lexislación vixente en materia laboral e de seguridade social a que houberse lugar pola extinción dos contratos laborais en vigor, respondendo deste contravimento a través da incautación da fianza, manténdose o Concello á marxe das relacións laborais que celebre o/a adxudicatario/a, non procedendo a sucesión empresarial nos contratos celebrados.

8.- Sanidade

O/a adxudicatario/a será responsable do correcto funcionamento sanitario do bar. Tanto o/a adxudicatario/a como persoal contratado para prestar os seus servizos no bar deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

9.- Servizo

O/a adxudicatario/a se obriga a esixir condicións excepcionais de presenza, adecuación e comportamento no persoal ao seu servizo. Este persoal deberá coidar a limpeza do seu vestiario. Queda prohibida rigorosamente a expedición de produtos ou prestación de servizos alleos á hostalería, salvo os autorizados polo Concello como aclaración ou interpretación do condicionado do contrato.

Obrigas relativas á xestión de permisos, licenza e autorizacións. O adxudicatario estará obrigado a xestionar os permisos, licenza e autorización establecidas nas normas de calquera organismos público ou privado que sexan necesarias para a execución do contrato, excepto que o órgano de contratación decida xestionalos por si mesmo e así llo faga saber de forma expresa ao adxudicatario.

10.- Horario

O/a adxudicatario/a estará obrigado a manter aberto o bar todos os días que dure a apertura da campaña da piscina, durante o mesmo horario, polo menos, que o establecido para a piscina e demais instalacións. O bar poderá permanecer aberto durante o período do

contrato, fora do horario da piscina Calquera modificación do horario deberá ser autorizado polo Concello.

11.-Explotación

O/a adxudicatario/a deberá desenvolver directamente a explotación do bar, e non pode cedela, subarrendala ou traspasala a terceiros baixo ningún pretexto.

12.- Prezo dos artigos

Os artigos de consumo que se expendan serán adquiridos por conta e responsabilidade do/a adxudicatario/a, servíndoos en calidade óptima para o seu consumo. O/a adxudicatario/a está obrigado a ter exposto á vista do público relación total dos artigos a expender con expresión dos prezos de venda.

13.- Libro de reclamacións

As reclamacións dos clientes que se ocasionen con motivo da explotación do bar, serán atendidas directamente polo/a adxudicatario/a, quen terá a disposición do público o oportuno libro de reclamacións, quedando o/a adxudicatario/a obrigado a informar por escrito ao Concello daquelas que se orixinen no prazo de dous días hábiles partir da inscrición.

14.-Inspección das instalacións

O Concello resérvase o dereito de visitar os locais obxecto do contrato, sempre que o considere oportuno, co fin de inspeccionar o seu correcto funcionamento e o cumprimento das condicións establecidas neste Prego.

15.- Resolución do contrato

Serán causas de resolución do contrato:

1. A demora no pago por máis de 20 días do canon de explotación fixado.
2. O contravimento por parte do adxudicatario/a de calquera das condicións establecidas neste Prego ou das consignadas no contrato.
3. Permanecer o local pechado por mais de dous días consecutivos ou cinco alternos no espazo dunha campaña, salvo por causa de forza maior comunicada por escrito ao Concello e non respectar os horarios de apertura e peche das instalacións ordenado polo Concello.
4. Realizar obras e instalacións sen autorización expresa do Concello.
5. Non manter o local, elementos e instalacións nas debidas condicións, tanto de funcionamento, como de hixiene e limpeza, así como o persoal afecto ao mesmo.
6. O desenvolvemento de actividades delitivas no local ou con apoio no mesmo.
7. Por falecemento do adxudicatario/a se se tratase de persoa individual.
8. A suspensión de pagos ou quebra en todo caso, e a extinción ou disolución se de persoa xurídica se tratase.
9. O permitir o acceso ao recinto da piscina en horario de peche das mesmas.
10. A non presentación da póliza de seguro de responsabilidade civil, no prazo de 15 días dende a formalización do contrato.

16.- Seguros

No prazo de 15 días seguintes á formalización do contrato, o/a adxudicatario/a virá obrigado a concretar un seguro de responsabilidade civil derivada da explotación, incluíndo na mesma a responsabilidade civil por produtos e alimentos servidos no bar. As cantidades mínimas de cobertura serán de 50.000 euros. neste sentido, o/a adxudicatario/a facilitará ao Concello, unha copia de dita póliza unha vez formalizada a adxudicación.

17.- Gastos a cargo do/a adxudicatario/a

Serán de conta do adxudicatario/a, toda clase de impostos, gravaámes, taxas e arbitrios do Estado, Comunidade Autónoma ou Concello que se devenguen como consecuencia da explotación do servizo. O/a adxudicatario/a correrá cos gastos ocasionados nas instalacións, equipos e mobiliario derivados polo uso inadecuado ou a falta de previsión ou vixilancia a el imputable.

18.- Canon

Fixase como **tipo de licitación a cantidade de 300 Euros por temporada**. O/a adxudicatario/a abonará o prezo do contrato cada 1º de xullo da correspondente campaña. A partir do quinto día, a cantidade adebedada devengará un xuro anual, a favor do Concello, equivalente ao xuro legal do diñeiro, sendo causa de resolución do contrato cando a demora no pago atinxa un mes.

19.- Réxime sancionador

1.-Son faltas sancionables as seguintes:

Consideraranse faltas leves as derivadas do defectuoso ou negligente cumprimento, por parte do adxudicatario/a, das obrigas asumidas de acordo con este contrato. Se consideran faltas graves as derivadas do contravimento voluntario ou doloso de algunha daquelas obrigas, e ademais, as seguintes:

Reincidencia en faltas leves sancionadas con anterioridade.

Actuación profesional deficiente ou contraria á práctica profesional, tanto polo que se refire á xestión do servizo en xeral, como por canto respecto á atención ao público.

Falta de pago das súas obrigas económicas elementais, como o canon, recadación por entradas, as obrigas con Facenda, as obrigas para coa Seguridade Social, ou aquelas que fagan referencia ao persoal ao seu cargo. Considéranse faltas moi graves a reincidencia en faltas graves sancionadas con anterioridade,

2.-O réxime de sancións para o/a adxudicatario/a que non cumpra coas súas obrigas, é o seguinte:

As faltas leves poderán ser sancionadas con unha multa con un importe de ata 150 €.

As faltas graves poderán ser sancionadas coa imposición de sancións económicas ata 1.000 €; no caso de que se produza unha perturbación do servizo que poña en perigo a xestión adecuada, ou que lesione os intereses dos usuarios, serán sancionadas coa intervención do servizo, sempre e cando a administración non opte, cando sexa precedente, pola resolución do contrato.

As faltas moi graves serán sancionadas coa resolución do contrato.

II Contratación

20.- Natureza e procedemento do contrato

Este contrato ten cualificación de contrato administrativo de concesión de servizos, de acordo co artigo 15 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se trasladan ao ordenamento xurídico as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE i 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

Non suporá en ningún caso nin circunstancia, relación laboral nin funcional entre a Administración e o/a adxudicatario/a ou o persoal deste último, sendo responsábel o/a adxudicatario/a do cumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, e de todas as que lle correspondan.

Procedemento. O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto inferior ao límite comunitario.

21 Mesa de contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa e actuará conforme co previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola cal se trasladan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo cal se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, desenvólvenos as funcións que nestes se establecen.

22.- Prazo e lugar presentación ofertas

O prazo de presentación de ofertas finalizará antes **das 14,30 horas do día 21 de maio de 2018**, e deberán entregarse as ofertas no Rexistro Xeral do Concello.

Ademais as proposicións poderán presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de envío na oficina de Correo e comunicarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama, correo electrónico correo@moeche.gal ou en sede electrónica, consignando o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador. A acreditación da recepción do referido télex, fax, telegrama, correo electrónico citado ou por sede electrónica efectuarase mediante a dilixencia estendida pola Secretaría Xeral municipal. Sen a concorrencia de todos estes requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado para presentar ofertas no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes a esta data sen recibirse a documentación, esta non será admitida.

23.- Condicións de capacidade dos licitadores

1.- Están capacitadas para contratar con este Concello, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou de prohibición para contratar determinados no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola cal se trasladan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2. A Administración poderá contratar licitadores que participen conxuntamente. neste caso os licitadores agrupados quedarán obrigados solidariamente ante a Administración, indicarán a participación de cada un deles e deberán nomear un representante ou apoderado único con poderes suficientes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa. En todo caso, han de ser persoas naturais ou xurídica. Estas últimas cando a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos Estatutos ou regras fundacionais ou se acrediten debidamente e dispuña dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

24 Procesamento de datos

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento xeral de protección de datos, os licitadores son informados de que os datos persoais que, de ser o caso, se recollen mediante a presentación da súa oferta e doutra documentación necesaria para proceder á contratación será tratada por este Concello para garantir o correcto mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato

25.- Documentación

Para tomar parte no concurso será preciso que o concursante presente, no prazo e lugar establecidos, un sobre único no que se indicará no sobre indicarse a seguinte lenda:

PROPOSICION PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO CONVOCADO POLO CONCELLO DE MOECHE PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO PUBLICO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE BAR E ATENCIÓN INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL, TEMPORADA 2018 PRESENTADO POR : _____

Nese sobre incluíranse outros dous, debendo estar todos eles pechados e asinados polo licitador, e que conterán a seguinte lenda e documentación:

Sobre núm. 1: "Documentación":

Copia compulsada do DNI, se se trata dun empresario individual ou da escritura de constitución se se trata dunha sociedade

Acreditación da representación cando proceda

Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións esixidas para contratar e de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social. De acordo co modelo que se inclúe como anexo 1

Datos relativos á súa experiencia na prestación de servizos en áreas recreativas, de lecer ou similares profesional, se é o caso, indicando os titulares dos mesmos, acreditarase mediante certificación do órgano titular da instalación na que se indique a duración dos servizos prestados

Datos relativos á súa experiencia profesional en actividades de hostalería nos tres últimos anos, se é o caso, indicando os establecementos cos que teña ou tivese vinculación laboral ou económica. Resumo da vida laboral, expedida pola Tesourería da Seguridade Social, se é o caso

Acreditación, se é o caso, do tempo que leva en situación de desemprego.

Sobre núm.2 DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA Proposición económica axustada ao modelo que se inclúe como anexo 2

26.- Criterios para a adxudicación

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do contrato, en orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

- 1) Maior canon ofertado.- Ata 50 puntos
- 2) Experiencia previa en servizos de hostalería ou similares ou en áreas recreativas, de lecer ou análogos.- ata 15 puntos
- 3) Duración da situación de desemprego.- Ata 10 puntos

27.- Fianzas

O/a adxudicatario/a deberá presentar unha fianza definitiva dentro dos quince días seguintes o da adxudicación. De acordo co artigo 107, punto 4, fíxase a garantía definitiva en 400 euros-. Esta fianza poderá prestarse en calquera das modalidades previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e responderá aos conceptos incluídos no artigo 110 da mesma lei.

28.- Apertura de ofertas

1 O acto de apertura de plicas realizarao o órgano de contratación, procedéndose á apertura e análise do sobre nº 1 de "Documentación" e resolvendo a admisión dos licitadores que presentasen en tempo e forma a documentación esixida.

2 Se se observasen defectos na documentación presentada ou se considerase incompleta, concederase un prazo de tres días para a súa posible emenda, debendo presentarse a documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello Moeche.

3.-Efectuada a valoración, continuarase coa da oferta económica.

4.-no acto público de apertura dos sobres de "Oferta Económica" e con anterioridade á mesma, comunicarase aos asistentes o resultado da valoración efectuada pola Administración.

5.-Polo órgano de contratación se efectuará a proposta de adxudicación, sinalando en todo caso as estimacións que, en aplicación dos criterios obxectivos establecidos no presente Prego, se realicen de cada proposición, debendo figurar a orde de prelación dos licitadores que formularon unha proposta admisible, coas puntuacións que obtiveron.

29.-Requirimento de documentación

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise ou requirimento, presente a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa de estar ao día non cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social,
- b) Copia compulsada do carné de manipulador de alimentos
- c) Alta, referida ao exercicio corrente, e, de ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado con unha declaración responsábel de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto

30.- Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a da recepción da documentación. En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego. A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselle aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase non perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

31. Formalización do contrato

O contrato publicarase e formalizarase conforme á forma prevista nos artigos 63.4 e 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta. Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato non prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste.

32.-Réxime xurídico, xurisdición e recursos

O presente contrato ten carácter administrativo e as partes contratantes quedan sometidas ao establecido neste prego de cláusulas e os seus documentos anexos, e no non previsto neles, será de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e esta vixente despois da entrada en vigor do Real decreto 817/2009; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que formen parte do mesmo ou dos pregos e normas de toda índole promulgadas pola Administración que podan ter aplicación na execución do pactado non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento. O órgano de contratación posúe a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan, por conseguinte, cantas incidencias se deriven da realización do obxecto do contrato e da interpretación das disposicións dos Pregos serán resoltas en primeiro termo polo órgano de contratación,

contra cuxas resolucións poderán presentarse os recursos administrativos e xurisdiccionais regulados nas correspondentes normativas.

ANEXO 1 DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a _____, con DNI nº _____, telefono _____, fax _____, con domicilio para efectos de notificacións en _____, Enderezo electrónico _____, actuando en nome (propio ou da empresa á que representa). DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1º Non estar incurso o licitador nin a empresa á que representa, nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,.

2º Non estar a persoa física ou os administradores da persoa xurídica, segundo o caso, incurso en ningún dos supostos da lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.

3º Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Lugar, data e sinatura do ofertante

ANEXO 2 PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/a _____, con DNI nº _____, telefono _____, fax _____, con domicilio para efectos de notificacións en _____, Enderezo electrónico _____, actuando en nome propio ou da empresa _____ con CIF _____) Coñecedor das condicións e requirimentos que se exixen para a adxudicación por procedemento aberto do contrato De XESTIÓN DO SERVIZO DE BAR E ATENCIÓN INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL, TEMPORADA 2018 , fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e acéptoo plenamente , e que me comprometo a efectuar o pagamento do canon na forma determinada no Prego de cláusulas administrativas particulares, ofertando un prezo de _____ euros (en letra e número), por temporada.

Lugar, data e sinatura do ofertante

Asdo _____